

# TARXETA DE TRANSPORTE METROPOLITANO



## PARA QUE SERVE?

PERMITE OBTENER DESCONTOS NO PREZO DOS BILLETES QUE SE ABONAN NOS SERVIZOS DE TRANSPORTE PÚBLICO QUE FORMAN PARTE DO TRANSPORTE METROPOLITANO DE GALICIA. TAMÉN PERMITE TRANSBORDAR GRATUITAMENTE.

## COMO CONSEGUILA?

PODES CONSEGUIR A TÚA TARXETA NA MAIORÍA DE OFICINAS DE ABANCA POR 2€.

## ONDE SE PODE RECARGAR?

NOS CAIXEIROS E OFICINAS DE ABANCA

## COMO SE RECARGA?

SE O CAIXEIRO NO QUE VAS FACER A OPERACIÓN ADMITE INGRESOS, TAN SÓ TES QUE:

1. INTRODUCIR A TARXETA
2. SELECCIONAR A CANTIDADE QUE QUERES RECARGAR
3. INTRODUCIR O DIÑEIRO EN EFECTIVO.

SE O CAIXEIRO NON ADMITE ESA OPCIÓN DE REALIZAR INGRESOS, TES QUE:

1. METER A TÚA TARXETA DE DÉBITO
2. SELECCIONAR "OPERACIÓNS MOEDEIRO"
3. INTRODUCIR A TARXETA DE TRANSPORTE E SELECCIONAR A CANTIDADE.

TAMÉN PODES REALIZAR A RECARGA DESDE A TÚA BANCA ELECTRÓNICA NA OPCIÓN TARXETAS > TARXETAS MOEDEIRO; OU NA BANCA MÓBIL EN CONTAS E DEPÓSITOS > MÁIS > RECARGA TARXETA MOEDEIRO.

## PODO COMPARTIR A MIÑA TARXETA?

ESTA TARXETA NON TEN CARÁCTER PERSOAL. PODES PRESTARLLE A TÚA TARXETA METROPOLITANA A QUEN TI QUEIRAS.

## HAI UNHA CANTIDADE MÁXIMA OU MÍNIMA DE RECARGA?

A CANTIDADE MÍNIMA DE RECARGA SON 5 €. A CANTIDADE MÁXIMA É DE 180 € SE RECARGAS DESDE UNHA TARXETA, OU DE 60 € SE O FAS CON EFECTIVO.

# TARXETA XENTE NOVA



## PARA QUE SERVE?

A TARXETA XENTE NOVA É A TARXETA DE TRANSPORTE DE GALICIA QUE PERMITE REALIZAR CADA MES ATA 60 VIAXES INTERURBANAS GRATUÍTAS

## QUEN A PODE UTILIZAR?

MOZOS E MOZAS DE ENTRE 4 E 20 ANOS, OS MENORES DE 4 ANOS XA VIAXAN GRATIS.

## COMO CONSEGUILA?

PODES CONSEGUILA NAS OFICINAS DE ABANCA, PERO ANTES DE ACUDIR DEBES SOLICITAR CITA PREVIA NA WEB DE ABANCA.

## COMO VIAXAR CON ELA?

PARA VIAXAR COA TARXETA XENTE NOVA CÓMPRE TER SALDO ABONDO, POLO QUE ANTES DE UTILIZALA DEBERÁS RECARGALA.

## ONDE E COMO RECARGO A TARXETA?

PODES RECARGALA NOS CAIXEIROS DE ABANCA OU NAS OFICINAS HABILITADAS PARA EXPEDILA. A RECARGA PÓDESE FACER TANTO CON EFECTIVO COMO CUNHA TARXETA DE DÉBITO OU CRÉDITO.

## PODO COMPARTIR A MIÑA TARXETA?

ESTA TARXETA É PERSOAL E INTRANSFERIBLE POLO QUE NO CASO DE QUE SEXA UTILIZADA POR OUTRA PERSOA PODERÁS PERDER O DEREITO A DISPOÑER DESTA TARIFA GRATUÍTA.

## PARA MÁIS INFORMACIÓN SOBRE ESTAS TARXETAS:



E EN CASO DE SIGAS TENDO ALGUNHA DÚBIDA PODES ENVIARNOS UN WHATSAPP AO SEGUINTE NÚMERO:  698 177 121